

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E MEMORIA DEMOCRÁTICA

**8297** *Real decreto 688/2020, do 21 de xullo, polo que se establecen os limiares de renda e patrimonio familiar e as contías das bolsas e axudas ao estudo para o curso 2020/21 e se modifica parcialmente o Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas.*

O cumprimento do deber constitucional de garantir a igualdade dos cidadáns no acceso á educación require a remoción de calquera obstáculo de natureza socioeconómica que dificulte ou impida o exercicio deste dereito fundamental. Máis aló da educación básica, as prestacións educativas perden as notas de obrigatoriedade e/ou gratuidade, pero a garantía constitucional do dereito á educación exige que ninguén quede excluído do acceso e permanencia no ensino de niveis que non sexan obrigatorios ou gratuítos por razóns socioeconómicas, para o cal cómpre establecer mecanismos de exención de taxas e prezos públicos ou de compensación destes gastos aos beneficiarios a través de bolsas e axudas ao estudo. Deste modo, pode inferirse que o Constituínte fixou a obrigación dos poderes públicos de establecer un sistema de bolsas e axudas para garantir o dereito de todos á educación.

Neste sentido, o lexislador abordou estes aspectos, en cumprimento da súa responsabilidade contida no artigo 81.1 da Constitución («desenvolvemento dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas»), no artigo 6.3.h) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación; no artigo 45 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e no artigo 83 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. A través destas disposicións conformáronse as bolsas e axudas no ensino posobrigatorio como un elemento esencial do dereito á educación.

Por outra parte, a disposición adicional novena da Lei 24/2005, do 18 de novembro, de reformas para o impulso da produtividade, estableceu a concesión directa ao alumnado de estudos regrados do sistema educativo, tanto universitarios como non universitarios, das bolsas e axudas ao estudo que se convoquen con cargo aos orzamentos do Ministerio de Educación para as que non se fixe un número determinado de beneficiarios.

Pola súa vez, o Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas, determina os elementos estruturais básicos do sistema: as modalidades das bolsas, as condicións académicas e económicas, os supostos de incompatibilidade, revogación e reintegro e cantos requisitos, condicións socioeconómicas ou outros factores sexan precisos para asegurar a igualdade no acceso á educación. En calquera caso, difírese a un real decreto anual a determinación de dous parámetros cuantitativos que, polo seu carácter conxuntural, non poden establecerse con carácter xeral: os limiares de renda e patrimonio cuxa superación determina a perda do dereito á obtención da bolsa ou axuda, e o importe dos diferentes compoñentes e contías das bolsas e axudas ao estudo.

Este marco xurídico complétase, pois, con este real decreto que establece, para o curso académico 2020/21, as contías das bolsas e axudas ao estudo dos ministerios de Educación e Formación Profesional e de Universidades, así como os limiares de patrimonio e renda familiar por encima dos cales desaparece o dereito á súa obtención. Debe sinalarse que ambos os ministerios, de acordo coa disposición adicional sexta do Real decreto 431/2020, do 3 de marzo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Universidades, adoptan de maneira conxunta e a través dos mecanismos organizativos que se articulen, as decisións sobre o deseño, a planificación e a dirección da política de bolsas e axudas ao estudo. Pola súa parte, o Real decreto 498/2020, do 28

de abril, que aproba a estrutura orgánica básica do Ministerio de Educación e Formación Profesional, atribúe no seu artigo 2.1.e) á Secretaría de Estado de Educación a función para deseñar, planificar e dirixir a política de bolsas e axudas ao estudo, en coordinación co Ministerio de Universidades, así como a súa xestión.

O Goberno, desde o momento da súa constitución, asumiu un compromiso firme coa dimensión social da educación e co impulso dunha política de bolsas e axudas ao estudo que garanta que ningún estudante abandone os seus estudos posobrigatorios por motivos económicos, asegurando así a cohesión social e a igualdade de oportunidades.

Neste sentido, o Goberno xa anunciou o seu propósito de reformar en profundidade o actual sistema de bolsas e axudas ao estudo. Para este curso 2020/21 increméntase sensiblemente o seu financiamento con cargo aos orzamentos xerais do Estado, asegurando, ademais, que este incremento se destina a bolsas concedidas por razóns socioeconómicas. Esta mellora no financiamento permite abordar xa, para este curso 2020/21, algunhas medidas de reforma do modelo como son unha primeira redución dos requisitos académicos, a elevación do limiar 1 de renda familiar até case equiparalo co limiar da pobreza, o incremento en 100 euros de determinadas contías e algunhas melloras dirixidas aos colectivos de estudantes con necesidade específica de apoio educativo, como a inclusión na convocatoria de axudas para alumnos con necesidade específica de apoio educativo dunha parte do alumnado con trastorno do espectro autista que até agora non tiña acceso a estas axudas.

Para estes efectos, a través deste real decreto introdúcense algúns cambios no Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas, no que se refire aos requisitos académicos para resultar beneficiario de bolsa. Ademais, elévase até os vinte e tres anos a idade dos fillos e fillas de vítimas de violencia de xénero que poden acceder ás bolsas e axudas ao estudo con maior flexibilidade nos requisitos académicos requiridos con carácter xeral.

Este real decreto axústase aos principios de boa regulación contidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, en canto ao principio de necesidade, xustifícase no mandato para o desenvolvemento regulamentario polo Goberno contido na disposición adicional novena da Lei 24/2005, do 18 de novembro, de reformas para o impulso da produtividade, así como na disposición adicional primeira do Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas, que encomenda ao Goberno a aprobación anual dun real decreto en que se especifiquen os parámetros económicos que deben rexer a concesión de bolsas en cada curso académico, e no que concirne aos principios de proporcionalidade, seguridade xurídica, eficacia e eficiencia, consegue o seu obxectivo mediante a única alternativa posible, a aprobación dunha norma con rango de real decreto. Finalmente, cumpre o principio de transparencia xa que, de conformidade co previsto no artigo 26, números 2 e 6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, este real decreto someteuse aos trámites de consulta pública previa e de audiencia e información pública mediante a súa publicación no portal web do Ministerio de Educación e Formación Profesional.

Desde o punto de vista do seu procedemento de elaboración, o real decreto foi obxecto de ditame do Consello Escolar do Estado, do Consello Nacional da Discapacidade, e de informe do Consello de Universidades e do Consello de Estudantes Universitarios do Estado, e na súa tramitación foron consultados tanto o Observatorio Universitario de Bolsas, Axudas ao Estudo e Rendemento Académico como as comunidades autónomas a través da Conferencia de Educación e da Conferencia Xeral de Política Universitaria. Así mesmo, foi sometido a consulta e información pública, o Ministerio de Política Territorial e Función Pública emitiu informe sobre el e conta con informe favorable do Ministerio de Facenda.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación e Formación Profesional e do ministro de Universidades, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de xullo de 2020,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

**Disposicións xerais**

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto determinar os seguintes parámetros cuantitativos polos que se rexerán as convocatorias de bolsas e axudas ao estudo correspondentes ao curso académico 2020/21, financiadas con cargo ao orzamento do Ministerio de Educación e Formación Profesional:

- a) A contía das diferentes modalidades das bolsas e axudas ao estudo reguladas no Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas.
- b) Os limiares de renda e patrimonio familiar por encima dos cales desaparece o dereito á percepción das bolsas e axudas ao estudo.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Para o curso académico 2020/21 e con cargo aos créditos correspondentes dos orzamentos xerais do Estado, publicaranse as seguintes convocatorias de bolsas e axudas ao estudo, sen número determinado de persoas beneficiarias:

1. Convocatoria de bolsas e axudas ao estudo de carácter xeral, dirixidas ás seguintes ensinanzas:

- a) Bacharelato.
- b) Formación profesional de grao medio e de grao superior, incluídos os estudos de formación profesional realizados nos centros docentes militares.
- c) Ensinanzas artísticas profesionais.
- d) Ensinanzas deportivas.
- e) Ensinanzas artísticas superiores.
- f) Estudos relixiosos superiores.
- g) Ensinanzas de idiomas realizadas en escolas oficiais de titularidade das administracións educativas, incluída a modalidade de distancia.
- h) Cursos de acceso e cursos de preparación para as probas de acceso á formación profesional e cursos de formación específicos para o acceso aos ciclos formativos de grao medio e de grao superior impartidos en centros públicos e en centros privados concertados que teñan autorizadas ensinanzas de formación profesional.
- i) Formación profesional básica.
- j) Ensinanzas universitarias conducentes a títulos oficiais de grao e de máster, incluídos os estudos de grao e máster cursados nos centros universitarios da Defensa e da Garda Civil.
- k) Curso de preparación para o acceso á universidade de maiores de vinte e cinco anos impartido por universidades públicas.
- l) Créditos complementarios ou complementos de formación necesarios para o acceso ou obtención do máster e do grao.

2. Convocatoria de axudas ao estudo para estudantes con necesidade específica de apoio educativo.

## CAPÍTULO II

**Bolsas e axudas ao estudo de carácter xeral**

Artigo 3. *Contías das bolsas e axudas ao estudo de carácter xeral para as ensinanzas a que se refiren as letras a) a i) do número 1 do artigo 2.*

1. As contías das bolsas e axudas ao estudo de carácter xeral para as ensinanzas indicadas nas letras a) a i) do artigo 2.1 que se poderán percibir nos supostos previstos neste real decreto serán as seguintes:

- a) Contía fixa ligada á renda do solicitante: 1.700 euros.
- b) Contía fixa ligada á residencia do solicitante durante o curso: 1.600 euros. Non obstante, en ningún caso a dita contía poderá superar o custo real da prestación.
- c) Bolsa básica: 300 euros.
- d) Contía fixa ligada á excelencia no rendemento académico: entre 50 e 125 euros coa seguinte distribución:

Nota media do estudante	Contía en euros
Entre 8,00 e 8,49 puntos.	50
Entre 8,50 e 8,99 puntos.	75
Entre 9,00 e 9,49 puntos.	100
9,50 puntos ou máis.	125

- e) Contía variable: o seu importe mínimo será de 60 euros.

2. Aqueles que cursen en modalidade presencial e matrícula completa os estudos enumerados nas letras a), b), c), d), e) e f) do artigo 2.1 poderán percibir as contías fixas, incluída a bolsa básica, e a contía variable. Para a adxudicación da contía ligada á residencia do estudante durante o curso requirirase que o solicitante curse estudos presenciais cun número mínimo de horas lectivas que se determinarán en cada convocatoria e que acredite a necesidade de residir fóra do domicilio familiar durante o curso, por razón da distancia entre este e o centro docente, os medios de comunicación existentes e os horarios lectivos. Para estes efectos, considerarase como domicilio familiar o máis próximo ao centro docente do cal sexa titular ou no cal resida de forma habitual algún membro computable da unidade familiar, aínda que non coincida co domicilio legal do solicitante.

Os limiares de renda aplicables para a concesión das contías das bolsas previstas neste número serán os seguintes:

1.º Limiar 1: os solicitantes cuxa renda non supere o limiar 1 de renda familiar establecido neste real decreto poderán obter as contías a que se refiren as letras a), b), d) e e) do número 1.

2.º Limiar 2: os solicitantes cuxa renda supere o limiar 1 e non supere o limiar 2 de renda familiar establecido neste real decreto poderán obter as contías a que se refiren as letras b), c), d) e e) do número 1.

3.º Limiar 3: os solicitantes cuxa renda supere o limiar 2 e non supere o limiar 3 de renda familiar establecido neste real decreto poderán obter a contía fixa ligada á excelencia no rendemento académico e a bolsa básica.

3. Aqueles que cursen en modalidade distinta da presencial e matrícula completa os estudos enumerados no número 2 anterior poderán percibir a contía fixa ligada á excelencia no rendemento académico, a bolsa básica e a contía variable mínima.

Os limiares de renda aplicables para a concesión das contías das bolsas previstas neste número serán os seguintes:

1.º Limiar 2: os solicitantes cuxa renda non supere o limiar 2 de renda familiar establecido neste real decreto poderán obter a contía fixa ligada á excelencia no rendemento académico, a bolsa básica e a contía variable mínima.

2.º Limiar 3: os solicitantes cuxa renda supere o limiar 2 e non supere o limiar 3 de renda familiar establecido neste real decreto poderán obter a contía fixa ligada á excelencia no rendemento académico e a bolsa básica.

4. Aqueles que cursen os estudos enumerados nas letras g), h) e i) do artigo 2.1, así como aqueles que realicen o proxecto de fin de estudos ou opten por matrícula parcial poderán percibir a bolsa básica e a contía variable mínima.

Os limiares de renda aplicables para a concesión das contías das bolsas previstas neste número serán os seguintes:

1.º Limiar 2: os solicitantes cuxa renda non supere o limiar 2 de renda familiar establecido neste real decreto poderán obter a bolsa básica e a contía variable mínima.

2.º Limiar 3: os solicitantes cuxa renda supere o limiar 2 e non supere o limiar 3 de renda familiar establecido neste real decreto poderán obter unicamente a bolsa básica.

**Artigo 4.** *Contías das bolsas e axudas ao estudo de carácter xeral para as ensinanzas a que se refiren as letras j), k) e l) do número 1 do artigo 2.*

1. As contías das bolsas de carácter xeral para as ensinanzas indicadas na letras j) a l) do artigo 2.1 que se poderán percibir nos supostos previstos neste real decreto serán as seguintes:

a) Contía fixa ligada á renda do solicitante: 1.700 euros.

b) Contía fixa ligada á residencia do solicitante durante o curso: 1.600 euros. Non obstante, a dita contía non poderá superar o custo real da prestación. En todo caso, para a adxudicación da contía ligada á residencia do estudante durante o curso requirirase que o solicitante curse estudos en modalidade presencial e acredite a necesidade de residir fóra do domicilio familiar durante o curso, por razón da distancia entre este e o centro docente, os medios de comunicación existentes e os horarios lectivos. Para estes efectos, considerarase como domicilio familiar o máis próximo ao centro docente que pertenza ou no cal resida de forma habitual algún membro computable da unidade familiar, aínda que non coincida co domicilio legal do solicitante.

c) Contía fixa ligada á excelencia no rendemento académico: entre 50 e 125 euros coa seguinte distribución:

Nota media do estudante	Contía en euros
Entre 8,00 e 8,49 puntos.	50
Entre 8,50 e 8,99 puntos.	75
Entre 9,00 e 9,49 puntos.	100
9,50 puntos ou máis.	125

Para estes exclusivos efectos, á cualificación que se terá en conta no caso dos estudantes matriculados en segundos e posteriores cursos universitarios aplicaráselle un coeficiente corrector de 1,17 para os estudos da área de arquitectura e enxeñaría, de 1,11 para os estudos da área de ciencias e de 1,05 para os estudos da área de ciencias da saúde.

d) Contía variable: o seu importe mínimo será de 60 euros.

e) Bolsa de matrícula: comprenderá o prezo público oficial dos servizos académicos universitarios correspondente aos créditos en que se matriculase o estudante por primeira vez no curso 2020/21.

Non formarán parte da bolsa de matrícula aqueles créditos que excedan o mínimo necesario para obter a titulación de que se trate.

No caso dos estudantes de universidades privadas e de centros docentes adscritos a universidades públicas e privadas que non apliquen os prezos públicos oficiais aprobados pola comunidade autónoma, a contía desta bolsa de matrícula será igual ao prezo mínimo establecido pola comunidade autónoma para un estudo coa mesma experimentalidade nunha universidade pública desa mesma comunidade autónoma.

A compensación ás universidades das contías da bolsa de matrícula a que se refiren os parágrafos anteriores efectuarase conforme o previsto na disposición adicional cuarta.

2. Aqueles que cursen os estudos enumerados na letra j) do artigo 2.1 con matrícula completa poderán percibir as contías fixas, a contía variable e a bolsa de matrícula. Para a adxudicación da contía ligada á renda e da contía ligada á residencia do estudante durante o curso requirirase que o solicitante curse estudos na modalidade presencial.

Os limiares de renda aplicables para a concesión das contías das bolsas previstas neste número serán os seguintes:

1.º Limiar 1: os solicitantes cuxa renda non supere o limiar 1 de renda familiar establecido neste real decreto poderán obter as contías a que se refiren as letras a), b), c), d) e e) do número 1.

2.º Limiar 2: os solicitantes cuxa renda supere o limiar 1 e non supere o limiar 2 de renda familiar establecido neste real decreto poderán obter as contías a que se refiren as letras b), c), d) e e) do número 1.

3.º Limiar 3: os solicitantes cuxa renda supere o limiar 2 e non supere o limiar 3 de renda familiar establecido neste real decreto poderán obter a contía fixa ligada á excelencia no rendemento académico e a bolsa de matrícula.

3. Aqueles que realicen o curso de preparación para o acceso á universidade de maiores de vinte e cinco anos impartido por universidades públicas, aqueles que cursen complementos de formación ou unicamente realicen o traballo de fin de grao ou máster, así como aqueles que opten por matrícula parcial poderán obter a bolsa de matrícula e a contía variable mínima.

Os limiares de renda aplicables para a concesión das contías das bolsas previstas neste número serán os seguintes:

1.º Limiar 2: os solicitantes cuxa renda non supere o limiar 2 de renda familiar establecido neste real decreto poderán obter a bolsa de matrícula e a contía variable mínima.

2.º Limiar 3: os solicitantes cuxa renda supere o limiar 2 e non supere o limiar 3 de renda familiar establecido neste real decreto poderán obter unicamente a bolsa de matrícula.

#### Artigo 5. *Contía variable.*

1. Os recursos asignados polo Ministerio de Educación e Formación Profesional para a convocatoria do curso escolar 2020/21 de bolsas e axudas ao estudo de carácter xeral, a excepción daqueles que se destinen a compensar as bolsas de matrícula, aplicaranse en primeiro lugar á cobertura das bolsas básicas e das contías fixas ligadas á renda, á residencia e á excelencia no rendemento académico do solicitante segundo o indicado nos artigos 3 e 4, así como das contías adicionais previstas no artigo 6, das contías adicionais previstas na disposición adicional primeira, e dos importes das contías variables mínimas indicadas tanto nos artigos 3.3, 3.4 e 4.3 deste real decreto, como nos artigos 12, 18.1, 19.1, 20.1, 22.2, 26 e na disposición transitoria primeira do Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro.

O importe que, se for o caso, reste tras realizar as operacións indicadas no parágrafo anterior, dependendo das dispoñibilidades orzamentarias, asignarase á cobertura da contía variable, que se distribuirá entre os solicitantes en función da renda familiar e do rendemento académico dos estudantes, mediante a aplicación da fórmula establecida no artigo 9.2 do Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro. Os ministerios de Educación e Formación Profesional e de Universidades determinarán de forma conxunta a porcentaxe do dito importe que se destinará á contía variable que corresponda, por unha parte, aos estudantes universitarios, de ensinanzas artísticas superiores e de estudos relixiosos superiores e, por outra, aos demais estudantes non universitarios.

Para a concesión da contía variable, a renda do solicitante non poderá superar o limiar 2 de renda familiar establecido neste real decreto.

2. O importe reservado para compensar as bolsas de matrícula aboarase unha vez que se reciba no Ministerio de Educación e Formación Profesional a información das universidades sobre prezos públicos devindicados polos bolseiros aos cales corresponda a bolsa de matrícula, sen prexuízo da posibilidade de realizar pagamentos á conta ás universidades.

#### Artigo 6. *Contías adicionais.*

1. O importe que resulte da concesión das bolsas e axudas ao estudo establecidas nos artigos 3 e 4 deste real decreto incrementarase nunha das seguintes contías adicionais, conforme o mandato contido no artigo 138.1 da Constitución:

a) As persoas beneficiarias de bolsas e axudas ao estudo con domicilio familiar na España insular ou en Ceuta ou Melilla que se vexan na necesidade de utilizar transporte marítimo ou aéreo para accederen ao centro docente en que cursen os seus estudos desde o seu domicilio disporán de 442 euros máis sobre a contía das bolsas e axudas ao estudo que lles correspondese.

b) Esta cantidade adicional será de 623 euros para os bolseiros con domicilio familiar nas illas de Lanzarote, Fuerteventura, La Gomera, El Hierro e La Palma, Menorca, Ibiza e Formentera.

c) No caso de que o estudante teña que desprazarse entre as illas Baleares ou as illas Canarias e a Península Ibérica, as cantidades a que se refiren as letras a) e b) anteriores serán de 888 e 937 euros, respectivamente.

2. As contías adicionais indicadas no número anterior serán tamén aplicables aos estudantes matriculados en centros universitarios de educación a distancia ou centros oficiais de bacharelato a distancia que residan en territorio insular que careza de centro asociado ou colaborador.

### CAPÍTULO III

#### **Axudas ao estudo e subsidios para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo**

#### Artigo 7. *Estudos comprendidos, contías e limiar de renda.*

1. Convocaranse axudas ao estudo e subsidios para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo derivada de discapacidade, trastorno grave de conduta ou trastorno do espectro autista ou asociada a alta capacidade intelectual que curse estudos nos niveis de segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, bacharelato, ciclos formativos de grao medio e de grao superior, formación profesional básica, así como os outros programas formativos de formación profesional aos cales se refire a disposición adicional cuarta do Real decreto 127/2014, do 28 de febreiro.

2. Os subsidios atenderán tanto aos gastos de comedor escolar como aos de transporte escolar e concederanse ao alumnado con necesidades educativas especiais

que pertenza a familias numerosas. Para a concesión dos subsidios non se atenderá á renda nin ao patrimonio familiar.

3. Os compoñentes e contías das axudas e subsidios para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo derivada de discapacidade ou trastorno grave de conduta serán os seguintes:

Compoñentes	Educación primaria, ESO e formación profesional básica	Resto de niveis educativos
	Contías (euros)	
Axuda de ensino.	Até 862	Até 862
Axuda ou subsidio de transporte escolar.	Até 617	Até 617
Axuda ou subsidio de comedor escolar.	Até 574	Até 574
Axuda de residencia escolar.	Até 1.795	Até 1.795
Axuda para transporte de fin de semana.	Até 442	Até 442
Axuda para transporte urbano.	Até 308	Até 308
Axuda para material escolar.	Até 105	Até 204
Axuda para reeducación pedagóxica.	Até 913	Até 913
Axuda para reeducación da linguaxe.	Até 913	Até 913

As contías establecidas na táboa anterior para as axudas ou subsidios de transporte incrementaranse até nun 50 por cento cando o alumnado presente unha discapacidade motora recoñecida superior ao 65 por cento.

Non se concederán axudas nin subsidios cando os gastos a que atenden estean cubertos suficientemente por servizos ou fondos públicos ou, se for o caso, por axudas concedidas aos centros para financiar o correspondente servizo. No nivel de educación infantil non se concederán axudas para material escolar.

4. O alumnado con altas capacidades intelectuais poderá obter, nos termos previstos no artigo 11 do Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, unha axuda de até 913 euros para o pagamento dos gastos derivados da inscrición e asistencia a programas específicos para este colectivo.

5. O limiar de renda aplicable para a concesión dos compoñentes das axudas ao estudo para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo será o seguinte:

Número de membros da familia	Limiar (euros)
Familias dun membro.	11.937
Familias de dous membros.	19.444
Familias de tres membros.	25.534
Familias de catro membros.	30.287
Familias de cinco membros.	34.370
Familias de seis membros.	38.313
Familias de sete membros.	42.041
Familias de oito membros.	45.744

A partir do oitavo membro engadiranse 3.672 euros por cada novo membro computable da familia.



## CAPÍTULO IV

**Limiares de renda e patrimonio familiar**Artigo 8. *Limiares de renda familiar.*

1. De conformidade co previsto na letra e) da disposición adicional primeira do Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, o limiar 1 de renda familiar para o curso 2020/21 fixarase nas convocatorias que aproben o Ministerio de Educación e Formación Profesional e as administracións educativas competentes que asumisen o pleno exercicio das competencias previstas no dito real decreto.

O Ministerio de Educación e Formación Profesional financiará as bolsas suxeitas ao extremo inferior do intervalo recollido na seguinte táboa, incluíndo o compoñente da bolsa de matrícula nos termos establecidos na disposición adicional cuarta. As bolsas que se concedan aos estudantes cuxa renda familiar se sitúe dentro do intervalo fixado financiaranse ao cincuenta por cento entre o Ministerio de Educación e Formación Profesional e a comunidade autónoma convocante:

Número de membros da familia	Intervalo (euros)
Familias dun membro.	Entre 8.422 e 8.871
Familias de dous membros.	Entre 12.632 e 13.306.
Familias de tres membros.	Entre 16.843 e 17.742.
Familias de catro membros.	Entre 21.054 e 22.177
Familias de cinco membros.	Entre 24.423 e 25.726.
Familias de seis membros.	Entre 27.791 e 29.274.
Familias de sete membros.	Entre 31.160 e 32.822
Familias de oito membros.	Entre 34.529 e 36.371.

A partir do oitavo membro engadiranse entre 3.368 e 3.548 euros por cada novo membro computable da familia.

2. O limiar 2 de renda familiar para o curso 2020/21 será o recollido na seguinte táboa:

Número de membros da familia	Limiar (euros)
Familias dun membro.	13.236
Familias de dous membros.	22.594
Familias de tres membros.	30.668
Familias de catro membros.	36.421
Familias de cinco membros.	40.708
Familias de seis membros.	43.945
Familias de sete membros.	47.146
Familias de oito membros.	50.333

A partir do oitavo membro engadiranse 3.181 euros por cada novo membro computable da familia.

3. De conformidade co previsto na letra e) da disposición adicional primeira do Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, o limiar 3 de renda familiar para o curso 2020/21 fixarase nas convocatorias que aproben o Ministerio de Educación e Formación Profesional e as administracións educativas competentes que asumisen o pleno exercicio das competencias previstas no dito real decreto.

O Ministerio de Educación e Formación Profesional financiará as bolsas suxeitas ao extremo inferior do intervalo recollido na seguinte táboa, incluíndo o compoñente da bolsa de matrícula nos termos establecidos na disposición adicional cuarta. As bolsas que se concedan aos estudantes cuxa renda familiar se sitúe dentro do intervalo fixado

financiaranse ao cincuenta por cento entre o Ministerio de Educación e Formación Profesional e a comunidade autónoma convocante:

Número de membros da familia	Intervalo (euros)
Familias dun membro.	Entre 14.112 e 14.826.
Familias de dous membros.	Entre 24.089 e 25.308.
Familias de tres membros.	Entre 32.697 e 34.352.
Familias de catro membros.	Entre 38.831 e 40.796.
Familias de cinco membros.	Entre 43.402 e 45.598.
Familias de seis membros.	Entre 46.853 e 49.224.
Familias de sete membros.	Entre 50.267 e 52.810.
Familias de oito membros.	Entre 53.665 e 56.380.

A partir do oitavo membro engadiranse entre 3.391 e 3.562 euros por cada novo membro computable da familia.

#### Artigo 9. *Cálculo da renda familiar.*

1. A renda familiar para efectos de bolsa ou axuda obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables da familia que obteña ingresos de calquera natureza, calculadas segundo se indica nos números seguintes e de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas aplicable. Para efectos das bolsas e axudas ao estudo do curso 2020/21, computarase o exercicio 2019.

2. Para a determinación da renda dos membros computables que presentasen declaración polo imposto sobre a renda das persoas físicas, procederase do modo seguinte:

a) Sumarase a base imponible xeral coa base imponible do aforro, excluindo todos os saldos netos negativos de ganancias e perdas patrimoniais de 2015 a 2018 e o saldo neto negativo de rendementos do capital mobiliario de 2015 a 2018 que se integrará na base imponible do aforro.

b) Deste resultado restarase a cota resultante da autoliquidación.

3. Para a determinación da renda dos demais membros computables que obteñan ingresos propios e non presentasen declaración polo imposto sobre a renda das persoas físicas seguirase o procedemento descrito na letra a) do número 2 e do resultado obtido restaranse os pagamentos á conta efectuados.

#### Artigo 10. *Deducións da renda familiar.*

No curso 2020/21 aplicaranse as seguintes deducións da renda familiar:

a) O 50 por cento dos ingresos achegados por calquera membro computable da familia distinto dos sustentadores principais.

b) 525 euros por cada irmán que sexa membro computable e conviva no domicilio familiar, incluído o solicitante, cando se trate de familias numerosas de categoría xeral, e 800 euros se se trata de familias numerosas de categoría especial, sempre que se teña dereito a este beneficio. Cando sexa o propio solicitante o titular da familia numerosa, as cantidades sinaladas serán computadas en relación cos fillos que a compoñan. Esta dedución será de até 2.000 euros na convocatoria de axudas para alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

c) 1.811 euros por cada irmán ou fillo do solicitante ou o propio solicitante que presente discapacidade, legalmente recoñecida, de grao igual ou superior ao 33 por cento; ou 2.881 euros cando a discapacidade sexa de grao igual ou superior ao 65 por cento. Esta dedución será de 4.000 euros polo solicitante e outro tanto por cada un dos seus irmáns con discapacidade legalmente cualificada de grao igual ou superior ao 33

por cento na convocatoria de axudas para alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

d) 1.176 euros por cada irmán do solicitante menor de 25 anos ou o propio solicitante que curse estudos universitarios e resida fóra do domicilio familiar, cando sexan dous ou máis os estudantes con residencia fóra do domicilio familiar por razón de estudos universitarios.

e) O 20 por cento da renda familiar cando o solicitante sexa orfo absoluto e menor de 25 anos.

f) 500,00 euros por pertencer o solicitante a unha familia monoparental nos termos que se establezan na correspondente convocatoria.

#### Artigo 11. *Outros limiares indicativos.*

1. Independentemente de cal sexa a renda familiar calculada segundo o disposto nos artigos 9 e 10, denegaranse as bolsas ou axudas ao estudo solicitadas para o curso 2020/21 cando se superen os limiares indicativos de patrimonio familiar que se fixan a continuación:

a) A suma dos valores catastrais dos predios urbanos que pertencen aos membros computables da familia, excluída a vivenda habitual, non poderá superar 42.900 euros. En caso de inmobles en que a data de efecto da última revisión catastral estea comprendida entre o 1 de xaneiro de 1990 e o 31 de decembro de 2002, multiplicaranse os valores catastrais por 0,49. No caso de que a data da mencionada revisión sexa posterior ao 31 de decembro de 2002, os valores catastrais multiplicaranse polos coeficientes seguintes:

Por 0,43 os revisados en 2003.

Por 0,37 os revisados en 2004.

Por 0,30 os revisados en 2005.

Por 0,26 os revisados en 2006.

Por 0,25 os revisados en 2007.

Por 0,25 os revisados en 2008.

Por 0,26 os revisados en 2009.

Por 0,28 os revisados en 2010.

Por 0,30 os revisados en 2011.

Por 0,32 os revisados en 2012.

Por 0,34 os revisados en 2013.

Por 0,36 os revisados en 2014.

Por 0,36 os revisados en 2015.

Por 0,36 os revisados en 2016.

Por 0,36 os revisados en 2017.

Por 0,36 os revisados en 2018.

Por 0,36 os revisados en 2019.

Nos inmobles situados na Comunidade Foral de Navarra, o valor catastral multiplicarase en todo caso por 0,50.

A Dirección Xeral do Catastro facilitará por medios telemáticos a consulta da información dos municipios que correspondan a cada unha das situacións indicadas, para os efectos de aplicación do coeficiente de ponderación.

b) A suma dos valores catastrais das construcións situadas en predios rústicos, excluído o valor catastral da construción que constituía a vivenda habitual da familia, non poderá superar os 42.900 euros, e serán aplicables ás ditas construcións os coeficientes multiplicadores, en función do ano en que se efectuase a última revisión catastral, que se establecen no parágrafo a) anterior.

c) A suma dos valores catastrais dos predios rústicos, excluídos os valores catastrais das construcións que pertencen aos membros computables da familia, non poderá superar 13.130 euros por cada membro computable.

d) A suma de todos os rendementos netos reducidos do capital mobiliario máis o saldo neto positivo de todas as ganancias e perdas patrimoniais pertencente aos membros computables da familia non poderá superar 1.700 euros.

Non se incluírán nesta suma as subvencións recibidas para adquisición ou rehabilitación da vivenda habitual, a renda básica de emancipación nin o importe dos premios en metálico ou en especie obtidos pola participación en xogos, concursos, rifas ou combinacións aleatorias até un importe de 1.500 euros. As ganancias patrimoniais derivadas dos mencionados premios computaranse de acordo coa normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O valor destes elementos indicativos de patrimonio determinarase de conformidade co disposto na normativa aplicable do imposto sobre a renda das persoas físicas polo seu valor en 31 de decembro de 2019.

2. Cando sexan varios os elementos indicativos do patrimonio descritos no número anterior de que dispoñan os membros computables da familia, calcularase a porcentaxe de valor de cada elemento respecto do limiar correspondente. Denegarase as bolsas e axudas ao estudo solicitadas cando a suma das referidas porcentaxes supere o valor cen.

3. Tamén se denegará a bolsa ou axuda ao estudo solicitada cando se comprobe que a suma dos ingresos que se indican a continuación obtida polo conxunto dos membros computables da familia supere a cantidade de 155.500 euros:

a) Ingresos procedentes de actividades económicas en estimación directa ou en estimación obxectiva.

b) Ingresos procedentes dunha participación dos membros computables en actividades económicas desenvolvidas a través de entidades sen personalidade xurídica ou calquera outra clase de entidade xurídica, unha vez aplicada aos ingresos totais das actividades a porcentaxe de participación nelas.

4. Para os efectos do cómputo do valor dos elementos a que se refiren os números anteriores, deducirase o 50 por cento do valor daqueles que pertencen a calquera membro computable da familia, excluídos os sustentadores principais.

*Disposición adicional primeira. Medidas específicas para compensar as desvantaxes dos estudantes universitarios con discapacidade.*

1. As contías fixas das bolsas e axudas ao estudo establecidas para os estudantes universitarios, a excepción das bolsas de matrícula, poderanse incrementar até nun 50 por cento cando o solicitante presente unha discapacidade legalmente cualificada de grao igual ou superior ao 65 por cento.

Non se concederán axudas cando os gastos que se atenden estean cubertos suficientemente por servizos ou fondos públicos.

2. Cando o solicitante presente unha discapacidade de grao igual ou superior ao 65 por cento legalmente cualificada, as deducións previstas nas letras b) e c) do artigo 10 para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo aplicaranse exclusivamente ao citado solicitante. Aos irmáns do solicitante seranlles de aplicación as deducións previstas con carácter xeral.

3. As convocatorias correspondentes establecerán o número de créditos de que deban quedar matriculados e que deban superar os solicitantes de bolsas e axudas ao estudo. Este número minorarase no caso dos estudantes con discapacidade legalmente cualificada, e a carga lectiva necesaria para cumprir o requisito de matrícula reducirase nun 50 por cento, como máximo, cando o solicitante presente unha discapacidade de grao igual ou superior ao 65 por cento.

Disposición adicional segunda. *Vítimas de violencia de xénero.*

1. As solicitantes da convocatoria xeral de bolsas e axudas ao estudo correspondente ao curso académico 2020/21 que, de acordo co disposto no artigo 23 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, desde o 30 de xuño de 2019 ao 30 de xuño de 2021, e/ou os seus fillos e fillas menores de vinte e tres anos e soliciten as ditas bolsas e axudas ao estudo, poderán obter no curso 2020/21, sempre que cumpran todas as demais condicións previstas na normativa vixente, a bolsa básica, ou bolsa de matrícula segundo corresponda, a contía fixa ligada á renda, a contía fixa ligada á residencia e a contía variable que resulte da aplicación da fórmula, sen que lles sexan de aplicación os requisitos establecidos en relación coa carga lectiva superada no curso 2019/20 nin o límite do número de anos con condición de bolseiro, nin a exigencia de superar unha determinada porcentaxe de créditos, materias, módulos ou o seu equivalente en horas no curso 2020/21 para o que resultase beneficiario da bolsa.

2. As persoas a que se refire o número anterior, ademais de cumpriren os requisitos previstos nel, deberán:

a) Acreditar que no curso 2019/20 se produciu un menor rendemento académico con causa directa na dita condición. Para isto deberán presentar, nos termos establecidos na convocatoria, unha certificación emitida ao respecto polo director do centro docente, á vista do informe emitido por un servizo especializado de orientación educativa. No caso de estudos universitarios, o dito informe emitirao o órgano colexiado de selección de bolseiros da correspondente universidade.

b) Matricularse no curso 2020/21, como mínimo, do seguinte número de créditos, horas, materias, módulos ou o seu equivalente en horas:

1.º Estudantes de ensinanzas artísticas e estudos relixiosos: 30 créditos ou o 50 por cento do curso completo no caso de ensinanzas organizadas por materias.

2.º Estudantes de grao superior de formación profesional, de artes plásticas e deseño e de ensinanzas deportivas: 500 horas.

3.º Estudantes de bacharelato, ensinanzas profesionais de música e danza e grao medio de formación profesional, ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño e das ensinanzas deportivas: catro materias ou o seu equivalente de 500 horas, respectivamente.

4.º Estudantes universitarios: 30 créditos ou a metade do curso completo no caso de dobres titulacións de grao. Nestes casos, a bolsa de matrícula estenderase aos créditos que se matriculen tanto por primeira como por segunda vez.

Disposición adicional terceira. *Prolongación dos estudos universitarios.*

Naqueles supostos en que os requisitos e condicións aplicables permitan o disfrute de bolsas e axudas ao estudo durante un ou dous anos máis dos establecidos no plan de estudos da correspondente titulación universitaria, a convocatoria poderá establecer a contía das bolsas e axudas ao estudo que se concedan para o último destes cursos adicionais.

Disposición adicional cuarta. *Compensación ás universidades pola exención de matrícula.*

1. Durante o curso 2020/21 o Ministerio de Educación e Formación Profesional achegará ás universidades, en concepto de compensación dos prezos públicos por servizos académicos correspondentes aos estudantes bolseiros exentos do seu pagamento, unha cantidade por estudante bolseiro igual á do prezo público fixado para a titulación correspondente no curso 2020/21. No suposto de que o prezo do crédito no curso 2020/21 sexa superior ao compensado polo Ministerio no curso 2019/20 para os

mesmos estudos, o Ministerio de Educación e Formación Profesional achegará ás universidades unha cantidade por estudante bolseiro igual a este último importe.

2. No caso de novas titulacións que non existisen no curso 2019/20 ou en que non houbera estudantes bolseiros no curso 2019/20, o Ministerio de Educación e Formación Profesional compensará ás universidades o importe do prezo público fixado para a titulación correspondente no curso 2020/21. No suposto de que o prezo do crédito no curso 2020/21 sexa superior ao compensado no curso 2019/20 para titulacións do mesmo grao de experimentalidade na súa comunidade autónoma, o Ministerio de Educación e Formación Profesional compensará esta última cantidade.

3. O disposto nos parágrafos anteriores será tamén de aplicación á cuantificación da compensación polo Ministerio de Educación e Formación Profesional da bonificación do 50 por cento das matrículas correspondentes a estudantes que pertencen a familias numerosas de tres fillos e asimiladas.

4. Cando a cantidade achegada polo Ministerio de Educación e Formación Profesional á universidade pública resulte inferior ao custo das bolsas de matrícula, nos termos definidos no artigo 4.1.e), a comunidade autónoma correspondente compensará as universidades públicas pola diferenza, de modo que o beneficiario da bolsa que curse os seus estudos nun centro propio da universidade quede efectivamente exento de calquera obrigação económica.

Disposición adicional quinta. *Difusión das convocatorias.*

Os ministerios de Educación e Formación Profesional e Universidades, en colaboración coas administracións educativas, desenvolverán accións de difusión e sensibilización para dar a coñecer as convocatorias de bolsas e axudas ao estudo obxecto deste real decreto.

Disposición transitoria primeira. *Convenios de cofinanciamento.*

Excepcionalmente para o curso 2020/21, as comunidades autónomas que iniciasen a negociación para o traspaso das funcións e servizos en materia de xestión de bolsas e axudas ao estudo personalizadas, de conformidade co previsto na disposición adicional cuarta do Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, poderán acordar, a través dun convenio co Ministerio de Educación e Formación Profesional, a convocatoria e o cofinanciamento con cargo aos seus propios orzamentos do 50 por cento das bolsas que se concedan aos estudantes cuxa renda familiar se sitúe dentro do intervalo fixado no artigo 8, números 1 e 3.

Disposición transitoria segunda. *Renda familiar de estudantes con domicilio fiscal en Navarra.*

Para a concesión no curso académico 2020/21 das bolsas e axudas ao estudo a que se refire este real decreto, no caso dos estudantes que obtivesen unha destas bolsas ou axudas ao estudo nos cursos 2016/17 ou 2017/18, para o cálculo do rendemento neto do traballo dos membros computables con domicilio fiscal na Comunidade Foral de Navarra, practicarase a dedución prevista na letra f) do número 2 do artigo 19 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, así como a redución por obtención de rendementos do traballo prevista no artigo 20 da citada lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas.*

O Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas, queda modificado como segue:

Un. O número 2 do artigo 18 queda redactado nos seguintes termos:

«2. Carga lectiva superada. Os estudantes de primeiro curso de bacharelato deberán acreditar non estar repetindo curso e ter obtido unha nota media de 5,00 puntos no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria ou proba de acceso, se for o caso.

Os estudantes de primeiro curso do resto de ensinanzas a que se refire este artigo deberán acreditar non estar repetindo curso total nin parcialmente.

Os estudantes de segundos e posteriores cursos organizados por materias deberán acreditar ter superado todas as materias do curso anterior, agás unha.

Os estudantes de segundos e posteriores cursos organizados por módulos deberán acreditar ter superado no curso anterior ao menos un número de módulos que supoñan o 85 por cento das horas totais do curso en que estivesen matriculados.

Non se concederán bolsas ou axudas a aqueles que estean repetindo curso total ou parcialmente.

Entenderase que cumpren o requisito académico para seren bolseiros aqueles que repetisen curso cando superasen a totalidade das materias dos cursos anteriores a aquel para o cal solicitan a bolsa ou axuda.

Só poderá obterse bolsa ou axuda durante o número de anos que dure o plan de estudos. Non obstante, aqueles que cursen ensinanzas non presenciais ou utilicen ofertas de matrícula parcial ou específica para persoas adultas poderán obter bolsas e axudas durante un ano máis.»

Dous. O número 2 do artigo 19 queda redactado nos seguintes termos:

«2. Carga lectiva superada. Para obter bolsas e axudas, os solicitantes de primeiro curso destas ensinanzas deberán acreditar ter obtido 5,00 puntos en segundo curso de bacharelato, proba ou curso de acceso respectivamente.

Os estudantes de segundos e posteriores cursos organizados por materias deberán acreditar ter superado todas as materias do curso anterior, agás unha.

Os estudantes de segundos e posteriores cursos organizados por módulos deberán acreditar ter superado no curso anterior ao menos un número de módulos que supoñan o 85 por cento das horas totais do curso en que estivesen matriculados.

Non se concederán bolsas ou axudas a aqueles que estean repetindo curso.

Entenderase que cumpren o requisito académico para seren bolseiros aqueles que repetisen curso cando superasen a totalidade das materias dos cursos anteriores a aquel para o cal solicitan a bolsa ou axuda.

Só poderán obterse bolsas e axudas durante o número de anos que dure o plan de estudos. Non obstante, aqueles que cursen ensinanzas non presenciais ou utilicen ofertas de matrícula parcial ou específica para persoas adultas poderán obter a bolsa durante un ano máis.»

Tres. O artigo 23 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 23. *Carga lectiva superada.*

1. Para obter, nas condicións previstas neste real decreto, as contías a que se refiren as letras a), b), c) e d) do número 1, e o número 2 do artigo 9, aqueles que se matriculen por primeira vez de estudos oficiais de grao e, estando en posesión

do título de bacharel ou equivalente, accedan a través da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade, deberán acreditar unha nota de acceso á universidade de 5,00 puntos, con exclusión da cualificación obtida nas probas das materias de opción do bloque das troncais. En calquera outro caso, deberán acreditar unha nota de 5,00 puntos na proba ou no ensino que lles permita o acceso á universidade.

2. Para obter, nas condicións previstas neste real decreto, as contías a que se refiren os parágrafos a), b), c) e d) do número 1, e o número 2 do artigo 9, os solicitantes de segundos e posteriores cursos de ensinanzas universitarias de grao deberán ter superado nos últimos estudos cursados as seguintes porcentaxes dos créditos matriculados:

Rama de coñecemento	Porcentaxe de créditos que hai que superar
Artes e Humanidades.	90
Ciencias.	65
Ciencias Sociais e Xurídicas.	90
Ciencias da Saúde.	80
Ensinanzas técnicas.	65

3. En todo caso, o número mínimo de créditos en que debeu estar matriculado o solicitante no curso anterior a aquel para o que solicita a bolsa será o que, para cada caso, se indica no artigo anterior.

4. No caso de terse matriculado nun número de créditos superior ao mínimo, todos eles, mesmo os de libre elección, serán tidos en conta para a valoración dos requisitos académicos establecidos no presente real decreto».

Catro. O artigo 25 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 25. *Supostos de aproveitamento académico excepcional.*

Entenderase que cumpren os requisitos académicos os alumnos que teñan un excepcional aproveitamento académico.

Para determinar se existe excepcional aproveitamento do alumno calcularase o incremento porcentual de créditos matriculados sobre o número mínimo destes a cuxa matriculación obriga o artigo 22.

A porcentaxe de créditos que hai que superar establecida no artigo 23 para obter bolsa ou axuda determinarase nestes casos mediante a seguinte ecuación matemática en que Y é o incremento porcentual de créditos matriculados sobre o número mínimo destes a cuxa matriculación obriga o artigo 22:

Para ensinanzas técnicas e ensinanzas universitarias adscritas ás ramas de coñecemento de Ciencias:  $65-(Y/10)$ .

Para ensinanzas universitarias adscritas ás ramas de coñecemento de Ciencias da Saúde:  $80-(Y/10)$ .

Para as ensinanzas universitarias adscritas ás ramas de coñecemento de Artes e Humanidades e de Ciencias Sociais e Xurídicas:  $90-(Y/10)$ .»

Disposición derradeira segunda. *Cómputo da carga lectiva superada.*

1. Estudos universitarios. Para calcular a porcentaxe de créditos superados non se terán en conta os créditos correspondentes a materias matriculadas no curso 2019/20 que, como consecuencia da aplicación das medidas derivadas do estado de alarma, non lle puidesen ser avaliados ao estudante. Nestes casos, a porcentaxe de créditos superados calcularase sobre o número de créditos ou materias efectivamente avaliadas ou que puidesen ser avaliadas.



2. Estudos non universitarios. Para calcular a porcentaxe de materias, módulos, créditos ou o seu equivalente en horas superadas, non se terán en conta os correspondentes ás materias ou módulos que, como consecuencia da aplicación das medidas derivadas do estado de alarma, fosen obxecto de autorización de aprazamento por parte do bolseiro, para a súa realización no seguinte curso académico. Neste caso, a porcentaxe calcularase sobre o número de materias/módulos efectivamente avaliados.

Disposición derradeira terceira. *Título competencial e carácter de lexislación básica.*

Este real decreto ten carácter básico e dítase ao abeiro do artigo 149.1.30.<sup>a</sup> da Constitución española, que reserva ao Estado a competencia para establecer as normas básicas para o desenvolvemento do dereito á educación, con obxecto de garantir a igualdade de todos os españois no seu exercicio.

Disposición derradeira cuarta. *Desenvolvemento normativo e aplicación.*

1. Facúltanse a ministra de Educación e Formación Profesional e o ministro de Universidades para ditaren cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento e execución do real decreto, no ámbito das súas competencias ou conxuntamente cando a disposición que se dite afecte ambos os ministerios.

2. Os órganos competentes adoptarán as medidas necesarias para a aplicación e mellor cumprimento do disposto neste real decreto e as súas normas de desenvolvemento e execución.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 21 de xullo de 2020.

FELIPE R.

A Vicepresidenta Primeira do Goberno e Ministra da Presidencia,  
Relacións coas Cortes e Memoria Democrática,  
CARMEN CALVO POYATO